

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao 13 de setembro de 2019**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o trece de setembro do ano dous mil dezanove, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

Deputados/as:

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Pablo Pérez Pérez

D. Armando Ojea Bouzo

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Luz Doporto Real

D. César Manuel Fernández Gil

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes:

D. José Manuel Baltar Blanco

Iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2019.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 5 de setembro de 2019.

Polo exposto, **a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 5 de setembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DA 24 EDICIÓN DO OURENSE FILM FESTIVAL (OUFF) – SECCIÓN FAS MUVIS. LÍMITE 48H.-

Ante a necesidade de proceder á convocatoria do concurso da 24 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Fas Muvis. Límite 48H, e unha vez vista a proposta da Presidencia, **a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:**

1º.- Aprobar as referidas bases e convocar a 24 edición do Ourense Film Festival (OUFF) – Sección Fas Muvis. Límite 48H, consonte coas seguintes cláusulas:

1. A PROPOSTA

Creación dun concurso por equipos para a realización dunha peza audiovisual cunha duración determinada durante un tempo limitado. Cada equipo terá un orzamento pechado para a realización da obra.

2. OS EQUIPOS.

- A inscrición será por equipos existindo dúas categorías: FAS MUVIS e FAS MUVIS ESCOLAS.

- Haberá un máximo de 10 equipos competindo: sete na categoría xeral e tres na categoría escolas.

- XERAL: Cada equipo estará formado por un máximo de 5 membros que non poderán ser maiores de 28 anos.

- ESCOLAS: Cada equipo estará formado por un máximo de 5 membros de entre 16 e 22 anos, orientado a alumnos de bacharelato e FP. Nesta categoría serán necesarios dous maiores de idade por equipo ou un docente responsable.

- Os equipos deberán aportar un documento co CV breve de cada integrante, unha proposta de idea e unha sinopse. Todo isto non deberá superar as 3 páxinas.

- A organización fará a selección dos equipos concursantes atendendo ao CV dos membros, á calidade do proxecto e a adaptación ás bases do relato proposto.

- Cada equipo seleccionado será o responsable de conseguir o material técnico que considere necesario para o desenvolvemento do seu proxecto.

3. DURACIÓN DO CONCURSO

- A data límite de entrega de propostas será o 17 de setembro e a lista de seleccionados

farase pública o 18 do mesmo mes.

- Os equipos en competición deberán presentarse o día 27 de setembro ás 17.00 horas no Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense para proceder á entrega de credenciais e á explicación detallada das bases do concurso.

- O tempo de preproducción comezará dende o momento en que se nomean os equipos seleccionados.

- Haberá 48 horas para a gravación, dende o venres 27 de setembro ás 20.00 horas, ata o domingo 29 de setembro ás 20.00 horas.

- Os equipos contarán con tres días para a montaxe, que serán dende o domingo 29 de setembro ata o mércores 2 de outubro ás 20.00 horas.

- A obra definitiva terá que estar subida antes das 23.59 horas do xoves día 3 de outubro á plataforma que a organización teña indicado.

4. O RELATO

- O proxecto proposto deberá estar relacionado coa cidade de Ourense.

- Deberá destacar os valores arquitectónicos, sociais, históricos, etnográficos ou naturais da contorna. Así mesmo, valorarase favorablemente a transmisión de valores sociais positivos tales coma igualdade, non discriminación, etcétera.

- A peza desenvolvida deberá ter una duración mínima de 3 minutos e máxima de 10 minutos.

- A obra poderá ser ficción, documental, promocional ou reportaxe.

- A peza deberá ser rodada integramente en Ourense e o 40% deberá gravarse nos exteriores da cidade ou na súa contorna.

- A obra deberá ser en lingua galega (incluídos créditos e información textual). En caso de ser noutro idioma deberá ter subtítulos en galego.

- Deberá comezar e finalizar co logotipo do OUFF, que será facilitado pola organización.

5. SELECCIÓN DOS PROXECTOS

- Dos proxectos enviados serán seleccionados dez que pasarán á fase de concurso. Sete na categoría xeral e tres na categoría escolas.

- Para a súa selección valorarase:

- A viabilidade do proxecto.

- A orixinalidade da idea presentada.
- A adecuación á representación dos valores arquitectónicos, sociais, históricos, etnográficos ou naturais da contorna da cidade de Ourense.

6. O ORZAMENTO

- Cada equipo terá un orzamento máximo para a realización da peza de 500 €.
- Entregaránselle 300 € ao produtor de cada equipo, ou ao docente responsable, no momento da inscrición e entrega de credenciais do concurso.
- Os outros 200 € serán ingresados por transferencia bancaria despois da entrega da peza audiovisual, sempre que esta cumpra as bases do concurso e o resultado final se adapte ao proxecto presentado.
- Os equipos deberán presentar xunto coa entrega da peza unha memoria de produción do desenvolvemento do proxecto. Esta memoria levará un parte diario de traballo no que se explicará como se organizaron os equipos, o orzamento e os tempos.
- O orzamento poderase gastar nas partidas que o equipo considere necesarias: material técnico, atrezzo, actores, manutención, desprazamentos, aloxamento...

7. OS PREMIOS

- Na categoría FAS MUVIS haberá un primeiro premio de 600 € e un segundo de 200 € para as obras audiovisuais que segundo a valoración do xurado mellor se adapten a estas bases.
- Na categoría FAS MUVIS ESCOLAS haberá un único premio de 400 €.
- Os dereitos de explotación non comercial das obras premiadas serán cedidos á Deputación Provincial de Ourense para a súa promoción.
- O sábado 5 de outubro, na sesión de peche do OUFF, o xurado outorgaralles os premios aos gañadores e proxectaranse as obras galardoadas.

2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL E PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS PARA O CURSO 2019-2020.-

No BOP n.º 189, do 18 de agosto de 2012, publicouse a Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios da Deputación Provincial de Ourense, entrando en vigor a partir do día 6 de setembro do dito ano.

O artigo 3 da dita ordenanza establece a obrigatoriedade de aprobar a programación anual da Escola antes do día 15 de setembro de cada exercicio, determinando o seu contido mínimo.

Polo exposto, á vista da proposta formulada pola Presidencia, a Xunta de Goberno, no exercicio da competencia atribuída polo artigo 3.1 da dita ordenanza, así como da delegación conferida polo Pleno da Deputación mediante acordo do 16 de xullo de 2019 (BOP n.º 171 do 27 de xullo de 2019) para a fixación dos prezos públicos da Escola, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

1) Aproba-la programación anual da Escola de Artes e Oficios para o curso 2019-2020, co seguinte contido:

1.- Accións formativas:

A Escola desenvolverá a formación nas seguintes disciplinas artísticas.

Debuxo e iniciación á pintura

Perfeccionamento en pintura

Talla e escultura en madeira

Modelado-escultura en barro

Oleiría

2.- Calendario:

O calendario do curso será dende o día 1 de outubro de 2019 ao día 30 de xuño de 2020. Impartiranse dos (2) horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola.

En función da matrícula existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes.

A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios e materiais dispoñibles. Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etc) será por conta deste. Como excepción, no curso de oleiría e modelado, a Deputación poderá adquirir o barro a un distribuidor e cobralle ao alumno a prezo de custo, sen prexuízo de que estes poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan.

3.- Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas:

O prazo de inscrición será durante os días 1 a 30 de setembro de 2019, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” (rúa Progreso,

nº30) no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación de pago da matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta. Poderán matricularse alumnos a partires dos 12 anos de idade.

4.- Prezos públicos pola participación en acción formativas:

Matrícula anual por disciplina: 50,00 €.

Abono mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno.

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

O pago da cota mensual deberase de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes.

A falta de pago dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ao curso, que se manterá ate que se realice o referido pago.

Os prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente.

Bonificacións: En todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c da Ordenanza reguladora da escola de artes e oficios, establécese una bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no abono mensual en tódalas disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. Para o acceso a dita bonificación, os interesados deberán acreditar o seu grao de discapacidade.

2) Ordena-la publicación no BOP do presente acordo, para xeral coñecemento.

4.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL E PREZOS PÚBLICOS DA ESCOLA DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE 2019-2020.-

No BOP nº 137, do 15 de xuño de 2013, publicouse o texto íntegro da Ordenanza reguladora da Escola de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

O artigo 4 da dita ordenanza establece a obrigatoriedade de aprobar a programación anual antes do 15 de setembro de cada exercicio, determinando o seu contido mínimo e os prezos públicos do servizo.

Mediante acordo do Pleno da Corporación Provincial do 16 de xullo de 2019, delegouse na Xunta de Goberno o exercicio da competencia para a fixación dos ditos presos públicos.

Polo exposto, e unha vez concluída a tramitación do expediente polo director da Escola Provincial de Gaitas, e de conformidade coa proposta formulada, **a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:**

1º.- Aprobar a programación anual da Escola de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense para o curso 2019-2020, co seguinte contido:

a) Accións formativas que se desenvolverán:

Ciclo elemental gaita:

Preparatorio 1: 20 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

Ciclo medio gaita:

1º curso: 40 prazas

2º curso: 40 prazas

3º curso: 40 prazas

Ciclo superior gaita:

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

4º curso: 5 prazas

Curso para adultos gaita:

1º curso: 40 prazas

2º curso: 20 prazas

Percusión:

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso especial: 10 prazas

Canto e pandeireta:

Preparatorio 1: 15 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso adultos canto e pandeireta:

1º curso: 30 prazas

2º curso: 30 prazas

Zanfona:

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

b) Calendario de actividades:

Os cursos iniciaranse o 1 de outubro e finalizarán o 30 de xuño, impartíndose hora e media semanal por materia, á parte do mesmo tempo de ensaio semanal e actuacións coas distintas agrupacións da escola.

c) Prazos e procedemento de inscrición:

O prazo de matriculación será do 3 de setembro ao 30 de outubro de 2019, ambos incluídos, aprobándose o proceso de admisión e apertura do prazo de matrícula mediante Decreto da Presidencia, conforme co establecido nos artigos 6 a 9 da ordenanza reguladora.

Admitiranse como válidas as solicitudes de matrícula presentadas polos interesados antes da apertura formal do prazo de matrícula, considerándose presentadas para estes efectos o primeiro día do prazo.

No suposto en que o número de solicitudes exceda o de prazas dispoñibles, a selección dos solicitantes efectuarase mediante sorteo público. Non obstante o anterior, a Xunta de Goberno poderá ampliar o número de prazas, trala proposta previa do director da escola, sempre que quede garantida a calidade do ensino e que a ampliación non implique incremento do gasto para a Deputación Provincial.

Excepcionalmente, e en función da existencia de vacantes e da demanda, a Presidencia poderá abrir períodos extraordinarios de matrícula ao longo do curso, dirixida a alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

d) Prezos públicos:

O prezo da matrícula por curso académico e materia será de 40 euros. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagará 40 € por matrícula e

os restantes 15 € cada un deles.

Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

O pagamento da matrícula poderá realizarse do seguinte xeito:

- Pagamento total da matrícula no momento de realizar a inscrición.
- Pagamento fraccionado en 3 prazos, do seguinte modo: 20 euros no momento de realizar a inscrición e 10 euros nos 15 primeiros días dos segundo e terceiro trimestres de cada curso académico.

2º.- Establecer a estrutura xeral das ensinanzas que se impartirán na Escola Provincial de Gaitas, nos seguintes termos:

- As ensinanzas de gaitas estrutúranse en tres ciclos (elemental, medio e superior). O ciclo elemental componse de dous cursos, o ciclo medio de tres cursos e o ciclo superior de catro cursos.
- As ensinanzas de percusión estrutúranse nun único ciclo, dividido en tres cursos.
- As ensinanzas de canto e pandeireta estrutúranse en dous ciclos: elemental (dous cursos) e superior (tres cursos).

Complementariamente á dita estrutura fundamental, ofértanse cursos especiais para adultos nas disciplinas de gaita, percusión, canto e pandeireta.

A programación dos diferentes cursos serán definidas polo director da Escola de Gaitas e estarán dispoñibles para os interesados nas dependencias da escola.

3º.- Ordenar a publicación no BOP deste acordo, para xeral coñecemento.

5.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DE XAMALU FILMES, SL, PARA RODAXE ÍNTEGRA NA PROVINCIA DE OURENSE DE “OLVIDO Y LEÓN”.- No Pleno con data 29 de marzo de 2019 de modificación de crédito orzamentario e das bases de execución do orzamento, e con cargo á aplicación 334.20/489.12, preveuse una subvención nominativa, por importe de 250.000,00 euros, a favor de Xamalú Filmes, SL, para a rodaxe íntegra na provincia de Ourense de “Olvido y León”.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente da subvención nominativa de referencia, e conforme coa documentación presentada polo interesado, e de acordo co establecido na vixente lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, segundo informe da xefa da Sección de Subvencións e de conformidade coa

proposta formulada, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar a concesión dunha subvención á Xamalu Filmes, SL, nos seguintes termos:

- **Importe:** 192.000,00 €.

- **Obxecto:** Rodaxe íntegra na provincia de Ourense de “Olvido y León”.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (470.020,00 €). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a

realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- Prazo xustificación: ata o 15 de decembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

6.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 10.15 horas, do referenciado día trece de setembro do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.